



MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE VECIÑANZA EN APOIO DAS REIVINDICACIÓNS E MOBILIZACIÓNS DOS/DAS PENSIONISTAS E POR UNHAS PENSÍONS DIGNAS

Ao Pleno da Corporación de Cuntis

Saleta Fernández de la Torre e Santi Martínez López, na nosa condición de concelleiros do Grupo Municipal de Veciñanza, ao abeiro do disposto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais presentamos diante do Pleno da Corporación Municipal a seguinte MOCIÓN:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A Constitución Española de 1978 establece, no seu artigo 50, que "*os poderes públicos garantirán, mediante pensións adecuadas e periodicamente actualizadas, a suficiencia económica aos cidadáns durante a terceira idade*". Este é un dos preceptos que na actualidade non están a ser respectados polo Goberno do Estado, ao tempo que emprega o nome da Constitución como arma arroxadiza noutras cuestións de índole política. O sistema público de pensións é obxecto de debate público e a súa sostibilidade vén sendo, dende fai lustros, motivo de preocupación. Son continuos os ataques para tentar debilitalo en favor dos sistemas privados. A perda de poder adquisitivo dos/das pensionistas vén sendo unha constante, e a precarización das condicións de vida dos/das que foron os sustentos de moitas familias en épocas de dificultades económicas resume á perfección o incumprimento do artigo 50 da C.E.

Unha breve cronoloxía dos últimos anos contextualiza a situación actual:

- O 12 de maio de 2010, José Luis Rodríguez Zapatero anunciaba unha conxelación de pensións obedecendo submisamente os ditados dos poderes económicos europeos.
- No ano 2011, o Goberno do PSOE aproba o aumento da idade de xubilación dos 65 aos 67 anos.
- No ano 2013, co Partido Popular xa no poder, prodúcese unha reforma do sistema que elimina a garantía de suba das pensións indexada ao IPC. Introduce ademais o chamado '*factor de sostibilidade*', que consiste basicamente na redución da contía das novas pensións conforme aumente a esperanza de vida. Malia que foi aprobado polo Goberno de M. Rajoy, isto xa figuraba no acordo de 2011 de Zapatero con CCOO, UGT e CEOE.

O ataque ao sistema de pensións execútase fundamentalmente por tres vías: atraso da idade de xubilación, recorte das novas pensións e supresión da garantía do mantemento do poder adquisitivo. As persoas pensionistas están a padecer as políticas que precarizan as condicións de vida e este deterioro repercute na maioría social.



En Galicia, case un 60% das pensións están por debaixo do SMI, e estas sitúanse de media un 15% por debaixo da media estatal. Esta precarización afecta de maneira máis acentuada, segundo confirman os indicadores, ás mulleres. É a chamada feminización da pobreza.

Nas últimas semanas, tanto en Galicia como no resto do Estado estanse a producir intensas mobilizacións en defensa dunhas pensións dignas e contra a insultante suba do 0'25% que o Goberno do PP decretou para este 2018. As subas de poucos céntimos en moitos casos quedan lonxe do aumento do custe da vida, dos subministros básicos e dos bens e servizos esenciais. Mentres isto acontece, o Goberno do Partido Popular adica inxentes cantidades de diñeiro público ao rescate de entidades bancarias, infraestruturas de transporte e outros gastos de menor urxencia que o das coberturas sociais.

Veciñanza comparte a vía da mobilización en defensa das pensións públicas e contra os recortes en prestacións sociais. O sistema de pensións debe estar garantido tanto para os/as pensionistas de hoxe como para os do futuro, e un elemento indispensable para esa garantía é o avance cara a un modelo laboral estable que propicie maiores e mellores cotizacións, ademais doutras reformas imprescindibles no sistema público.

Por todo o exposto, instamos ao pleno da Corporación á adopción dos seguintes

ACORDOS:

1. Decretar o apoio do Concello de Cuntis ás mobilizacións e reivindicacións do colectivo de pensionistas, que durante estas semanas defenden na rúa unhas pensións dignas tanto para hoxe como para o futuro.
2. Trasladarlle ao Goberno de España este apoio e a esixencia do cumprimento do artigo 50 da Constitución Española.

Cuntis, 19 de marzo de 2018

Saleta Fernández de la Torre

Santi Martínez López

